

“MASKS”, o universo simbólico e social da máscara nunha mostra que une ao Museo do Pobo Galego e á Universidade de Valladolid

Inclúe 66 pezas, 54 da Colección de Nacho Rovira e o resto dos fondos deste museo, onde poderá visitarse ata o vindeiro 26 de abril

🕒 3 de Febreiro de 2026



Dende o 29 de xaneiro pode visitarse no Museo do Pobo Galego, en Santiago, “MASKS. Alas y Vento Collection. Nacho Rovira II”, unha mostra que convida a achegarse ao mundo das máscaras como expresión cultural universal, ao ser elementos presentes en festas, rituais e representacións teatrais de diferentes épocas e lugares do mundo.

A proposta, está impulsada pola Universidade de Valladolid a través da Cátedra de Estudos da Tradición, ademais de coordinada e comisariada pola profesora Pilar Panero, investigadora principal do proxecto europeo *Unveiling the Arts and Works behind the Masks* (Descubrinto as artes e os oficios detrás das máscaras), un Erasmus + impulsado pola *European Education and Culture Executive Agency*. Participan profesores da Facultade de Filosofía e Letras, algúns deles membros do GIR “Identidade e intercambios artísticos. Da Idade Media ao Mundo Contemporáneo” (IDINTAR) e está coordinado desde o Departamento de Prehistoria, Arqueoloxía, Antropoloxía Social e CC. e TT. Historiográficas. Esta edición é unha ampliación e mellora da primeira, que se puido ver no MUVa ata febreiro de 2025.

No Museo do Pobo Galego pode verse unha coidada escolma de 54 máscaras procedentes de Romanía, Italia, Portugal e España (países ocios do proxecto MASKS), todas elas pertencentes á colección privada do coleccionista e viaxeiro Nacho Rovira, que leva máis de corenta anos reunindo pezas desta arte mascareiro en catro continentes. A



estas súmanse unha ducia de máscaras dos fondos do Museo do Pobo Galego, que complementa a exposición permanente vinculada ao Entroido galego.



En total, preséntanse ante o público 66 pezas que percorren os usos, tempos e significados da máscara, dando conta da súa universalidade. Así, poderán verse pezas do Entroido popular, ligadas ás festas de inverno e dos *Antruejos* tradicionais; máscaras empregadas en celebracións relixiosas, como o Nadal, a Semana Santa ou o Corpus Christi; exemplos do entroido cortesán barroco e da Commedia dell'Arte, asociadas ao teatro e ás representacións escénicas da Europa moderna; máscaras funerarias, vinculadas aos rituais de despedida, á memoria e ao ciclo da vida e da morte; así como máscaras contemporáneas e de uso artístico, que mostran como estas tradicións continúan vivas e en permanente reinterpretación.



As máscaras expostas foron realizadas por artesáns de Romanía, Italia, España e Portugal, países que integran o consorcio do proxecto MASKS. A imaxe oficial da exposición é unha colaxe de cinco máscaras deseñado por Gaetano Armenio, de Editrice L'Imaxine, socio do proxecto.

Pilar Panero: "Na mostra do Museo do Pobo Galego vaise do local ao universal e do universal ao local"

A profesora Pilar Panero, comisaria da exposición, puxo en valor o traballo dos técnicos do MPG que deseñou unha ambiciosa programación didáctica e de difusión para pequenos e maiores durante os meses que se pode visitar a exposición liderada por Ana Estévez Lavandeira. Panero recoñece que unha das melloras desta segunda edición é poñer nun mesmo espazo as máscaras galegas de Nacho Rovira coas do propio Museo: "Do local vaise ao universal e do universal ao local".



A comisaria agradece así mesmo a colaboración enriquecedora coa conservadora Belén Sáenz-Chas Díaz, que atende á materialidade e inmaterialidade da colección tendo en conta "a historia dun Museo, que é referente na museografía etnográfica". Panero confesa ademais que lle fai unha ilusión especial expoñer nunha institución que admira e que lle resulta moi útil no seu labor como docente. "Que a Academia faga difusión e reverta na sociedade é básico", di.

O proxecto MASKS desenvólvese co obxectivo de visibilizar o traballo de artesáns e artistas vinculados ao universo da máscara. O catálogo, máis aló dos datos sobre as celebracións, quere ser unha evidencia do material e a creatividade de persoas con nome e apelido. A cultura popular nunca foi anónima, outra cousa son os discursos de segundo grupos aos non lle interesaran os que tiñan voz.



A inauguración de MASKS

Á inauguración, que tiña lugar o 29 de xaneiro, estivo presidida pola responsable do Padroado do Museo do Pobo Galego, Concepción Losada Vázquez, que destacaba que a mostra permite que a colección de Nacho Rovira estableza un estreito diálogo co patrimonio etnográfico galego e coas tradicións do Entroido, unha das expresións festivas máis significativas da cultura galega.

Conchita Pérez Gil, a conservadora de *Alas y Viento*, sinalaba que tanto Nacho Rovira, alma da colección, como todo o equipo, estaban especialmente entusiasmados con esta nova colaboración coa Universidade de Valladolid e co Museo do Pobo Galego, tamén profundamente comprometido coa tarefa de preservar e difundir a cultura e a arte mascareiro.



O catálogo en acceso aberto e gratuíto en inglés, español e galego pódese descargar no repositorio institucional da Uva:

M.^a Pilar PANERO GARCÍA (coord.) (2026). *MASKS. Alas y Viento Collection. Nacho Rovira* // [Catálogo de la exposición realizada en el Museo do Pobo Galego, Santiago de Compostela, del 28 de enero al 26 de abril de 2026], Valladolid, Ediciones Universidad de Valladolid, 380 pp. ISBN: 978-84-1320-383-6. DOI: 10.24197/eduva.3142

Dispoñible en: <https://uvadoc.uva.es/handle/10324/82265>

MASKS achega unha formación aloxada nunha plataforma dixital atractiva que permite aos estudantes aprender ao seu propio ritmo, desenvolver habilidades creativas e analíticas, e adquirir experiencia práctica en antropoloxía cultural, patrimonio e sustentabilidade, economías creativas e circulares, ferramentas dixitais, turismo cultural e técnicas de elaboración de máscaras. Esta formación é gratuíta e certifícase.

Enlace para a inscrición: <https://unveilingthemasks.uva.es/sign-up-for-courses/>

Fotos: MPG&MASKS.

